

CAMPAÑA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

É ben sabido que o monte que forma parte do Medio Rural Galego, é un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentábel en Galicia, xa que conforma o 65% da súa superficie.

Pola súa gran importancia patrimonial e como recurso natural, é preciso que tanto a sociedade como as administracións públicas, velen pola súa conservación, protección e rexeneración fronte as ameazas ás que o monte está exposto; entre elas “os incendios forestais”, que non só afectan a riqueza ambiental e a súa actividade, senón que poñen en risco a integridade física das persoas.

Por todo isto, faise preciso aplicar “**A lei de prevención e defensa contra os incendios**” (Lei 3/2007 do 9 de Abril). Entre algunhas das medidas recollidas na mesma atópanse: a xestión da biomasa vexetal ao longo das estradas e zonas de dominio público. Algunhas das especies que non poderá haber son: piñeiro galego, silvestre, de Monterrei, De Oregón... así como mimosa, eucalipto, toxo, entre outras.

A Lei tamén obriga aos particulares, sendo responsabilidade das persoas titulares, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 m de perímetro ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como ao redor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, cámpings, gasoleneiras, etcétera situadas a menos de 400 m. do monte, e tamén ao redor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 m. do monte.

No suposto de **incumprimento das obrigas** por parte das persoas responsables, os entes locais, enviaranlle unha comunicación na que se lembrará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal, e por tanto da retirada das especies prohibidas no prazo máximo de 15 días naturais. No caso de incumprimento, aplicarase o procedemento de sanción e as **multas coercitivas** correspondentes.

Con todo o dito, faise preciso cumprir coas medidas de prevención de incendios forestais e das obrigas citadas na Lei (artigo 22), ademais da importancia e indispensable colaboración institucional que faga cumprir a Lei 7/2012 do 28 de xullo de montes de Galicia, así como as normas emanadas do resto das administracións.